



PUBLICACIÓNS


EL MAGREB Y UNA NUEVA CULTURA DE LA PAZ

Varios/as autores/as. Zaragoza, 1993.

O libro que presentamos nesta ocasión, constitúe o sexto volume dunha interesante e peculiar colección que edita o "Seminario de Educación para la Paz" de Zaragoza en colaboración coa Diputación Xeral de Aragón. Este seminario foi creado en 1984 no centro Pignatelli e ten por obxectivo contribuir á investigación para a paz impulsando o traballo interdisciplinar de diversos profesionais.

Mantén ademais, un amplo programa onde teñen cabida sesións de estudo, debates, informes e divulgación dos traballos realizados. Desta forma saíu á luz este volume que reproduce parte dos traballos do equipo realizados durante o curso 1991-92. Ofrécesenos pois un traballo de máxima actualidade, onde se pretende, a partir dunha análise pormenorizada da realidade magrebí, implicar a lectores e lectoras a extender un debate aberto xa na nosa sociedade sobre a inminente necesidade dunha nova cultura de paz.

O libro divídese en sete capítulos dos que cinco deles están adicados integramente ó Magreb: a súa evolución política; unha aproximación económica; o factor militar e a estratexia do Mediterráneo occidental e por último analiza este territorio no escenario internacional, vencellado fortemente ó papel histórico que España representou, e sigue a representar, como enlace entre dous mundos moi diferentes, Europa e África. Na segunda parte do libro, os autores abren o abano da esperanza apuntando algúns dos necesarios cambios que resultan hoxe en día imprescindibles segundo o seu criterio; analísanse temas como a paz



e o medio ambiente, o caso da guerra do Golfo, a incorporación do sistema sexo-xénero e a reforma das Nacións Unidas, entre outros.

Como se pode ver, un estudio interesante no que se acompañan datos actualizados e unha boa cartografía temática; lectura que sen dúbida axudará a entender mellor un mundo tan cercano a nós.


LOS NACIONALISMOS

Varios/as autores/as. Zaragoza, 1994.

Con este título sae á rúa o último estudio do Centro Pignatelli e do seu Seminario de Educación para a Paz mencionado anteriormente.

Os autores achéganse a un tema que constitúe agora mesmo un dos principais focos de tensión no mundo. O plantexamento é ambicioso e as 493 páxinas son unha invitación a que os lectores sigamos buscando respostas ás inquietantes preguntas que se plantexan ante o panorama político de finais do século XX.

O libro estrutúrase en tres partes: unha delas, máis analítica e conceptual, trata de clarificar o termo tanto na súa compoñente económica como na política e cultural. Na segunda parte, fálase do nacionalismo no entorno europeo actual unha vez superada a división de Europa en dous bloques antagónicos; estudia tamén o nacionalismo no Estado das Autonomías Español. Interesantes aportacións son as que autores como Julio L. Laborda, Gregorio Peces-Barba ou Mariano Aguirre verten sobre esta cuestión ó plantexar os dilemas da integración/disgregación e a idea de España contemporánea, entre outros debates. Por último, nunha terceira fase, faise referencia ós nacionalismos hexemónicos presentándoos como un perigo potencial ó estar asociados normalmente a políticas



expansionistas e desestabilizadoras. Destacan as análises feitas sobre Alemaña, Estados Unidos e Xapón.

Outros títulos desta colección son: "Cultura de la paz y Conflictos", "América Latina y nuevos conceptos de seguridad" e "Procesos de cambio y retos pendientes: Este de Europa, China y Sahara Occidental".

Pedidos:

Centro Pignatelli
Paseo de la Constitución, 6 - 50008 Zaragoza
Teléfono (976) 21 72 17

■ EDUCAR PARA LA TOLERANCIA

T. Calvo, R. Fernández, G. Rosón
Ed. Popular. Jóvenes contra la Intolerancia (JCI)
Madrid - 1993.


Baixo este epígrafe agrúpanse tres traballos con distinto enfoque, temática e tratamento.

Por unha banda, T. Calvo Buezas ofrécenos un estudio sobre o racismo e a xenofobia en Europa co seguinte esquema: no primeiro capítulo aporta "datos para pensar", destacando aspectos positivos (actos e manifestacións solidarias) e negativos (actos racistas e/ou xenófobos) de Europa e, lóxicamente incluída, de España. No 2º capítulo, ofrécenos "claves para a análise", abordando o tema da inmigración, das minorías étnicas e culturais e apunta algúns dos resultados do seu anterior traballo sobre análise dos textos escolares e das actitudes do profesorado e alumnado diante destes temas. No 3º capítulo, suxire "orientacións para a acción", incidindo directamente no papel da escola como axente privilexiado para a sensibilización e formación na tolerancia.

Pola súa parte, Rafael Fernández aborda o tema da tolerancia dende a óptica da linguaxe ("lengua y literatura para la tolerancia"), destacando o papel da letra impresa como ponte de unión tendida entre os pobos; concretamente, afirma que o libro aproxima ós homes, diminúe diferencas culturais, incompreensións étnicas e fai ó cidadán máis universal posto que o traslada a tempos e lugares distintos do seu. Destaca, así mesmo, a intolerancia mostrada polos grupos de poder, patentizados na censura e prohibición do pensamento, da arte e da literatura, etc., facendo un paralelismo entre estas actitudes e as manifestadas socialmente con actos de racismo e/ou xenofobia.

Defende, por último, a diversidade de linguas como instrumento de coñecemento dos outros pobos e como instrumento importante (no caso particular do noso continente) de construción europea.

A. Gabriel Rosón completa a triloxía de autores deste libro, repasando os momentos máis destacados no longo camiño da historiografía. Comenta as principais opinións e aportacións dunha longa lista de filósofos e historiadores:



Ortega, Zubiri, Rauke, Marx, Engels, Morín, Bloch, ..., etc.

Remata facendo un interesante esquema, seguindo a E. Morín, dos pasos dados (cara adiante e cara atrás) polos diversos pobos integrantes dese mosaico que cristaliza co nome de Europa e que non parece ter finalizado o seu proceso de autoidentidade e non ter definitivamente fixadas as súas posibilidades e limitacións.


"JOVENES CONTRA LA INTOLERANCIA", (agrupación de 5 ONGs que teñen como lema: "Sólo una raza, la raza humana"), ten publicado nesta mesma colección outros textos, materiais curriculares e complementarios que podeades solicitar a:

Editorial Popular
Bola, 3 - bajo dcha.
28013 MADRID
Tfno.: (91) 548 27 88

■ DESAPRENDER LA GUERRA

Una visión crítica de la Educación para la Paz.

Neste libro cuestiónase a casi inexistencia do tratamento da guerra como contido nos currícula das Ciencias Sociais no ensino Primario e Secundario, tanto nos libros de texto coma nos coñecementos que os alumnos e alumnas teñen dos temas bélicos; disculpándose na formación e opción dos mestres e profesores, na propia natureza do tema e nas condicións da bibliografía que os trata.



Os resultados dunha enquisa que se fixo entre alumnos/as de COU e de 2º curso da Escola de Formación do Profesorado de E.X.B. confirma o que a autora cuestiona no libro: non se ensina a guerra nin en primaria nin en secundaria.

O esquecemento da guerra na escola, provoca inconvincentes como o de ofrecer unha versión incompleta do pasado e do presente das sociedades humanas; á vez que fai de menos algunhas ventaxas didácticas, desaproveitando a clara oportunidade de educar en valores.

Como a guerra é un fenómeno histórico persistente, ANNA BASTIDA, muller preocupada sobre como levar ás aulas este tema, trata de dar suxerencias sobre o xeito de incorporalo ós libros de texto, ás aulas e polo tanto ós currícula das Ciencias Sociais de Primaria e Secundaria para achegalas á realidade, á vez que propón obxectivos, contidos, material e bibliografía básica e xeral.

En definitiva, un libro interesante, útil, de gran importancia pedagóxica e axuda nos eidos do ensino Primario e Secundario.

Anna Bastida
"Desaprender la guerra"
Seminario de Investigación para la Paz - Zaragoza
Ed. Icaria - Barcelona 1994

AFIRMACIÓN Y RESISTENCIA

Carlos Martín Beristain y Francesc Riera.

Ed: Virus, 1993.

A comunidade como apoio

Vivimos en democracias máis formais que reais...

Os mecanismos da represión diríxense a conter ós pobos, alterando os seus valores para acadar obxectivos e proxectos a través da dominación e o terror, coma ben sinala o libro. E dicir, rompen o tecido colectivo e solidario das organizacións populares.

Carlos e Francesc profundan neste aspecto e sinalan axeitadamente a identidade individual e a identidade social; cando se quebran e cando se manteñen e resisten á violencia coma palabra liberada.

Potencia-los procesos de axuda, reconstruí-lo tecido social e familiar, os afectos, a memoria histórica, a axuda psicolóxica, o sentido comunitario, é un camiño complexo, difícil, doloroso.

Desto depende que nunca máis volvan a producirse eses dramas na vida dos pobos, e o libro contribúe a sumar esforzos para que poida ser posible.

Podedes pedi-lo libro a:

VIRUS EDITORIAL
r/ De la Cera, 1 bis - 08001 Barcelona
Teléfono (93) 329 06 43
(Prezo: 1.000 pts.)



Contamos coa colaboración de significados colectivos no eido da Investigación e da Educación para a Paz: Seminario de Educación para la Paz da A.P.D.H.; Seminario Permanente de Educación para a Paz de Galicia; Centros de Investigación para la Paz de Madrid, Zaragoza e Euskadi; Revista EN PIE DE PAZ; Seminario de Estudios sobre Paz y Conflictos da Universidade de Granada; Instituto Universitario de Sociología (Programa de Estudios Rusos) da Universidade Autónoma de Madrid; Grupo Investigador de Filosofía e Paz da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación da Universidade de Santiago; Centro de Investigaciones y Promoción Iberoamérica-Europa (CIPIE) de Madrid; INTERMON; Centro de Información para Trabajadores Emigrantes (CITE), etc.

A estes e outros grupos de Galicia e do Estado hai que engadir as aportacións de diversos grupos europeos da Organización "Teachers for Peace"; de Universidades Americanas (Arxentina, Venezuela) e da India.

Está previsto o aloxamento dos congresistas (estimamos unha participación que rondará os 600) no MONTE DO GOZO e nas diversas Residencias Universitarias do Campus de Santiago. Os xantares serán nos comedores da Residencia Universitaria MONTE DA CONDESA.

(Ver Cadro adxunto cos Precios de MATRICULA, ALOXAMENTO E XANTAR).

As Sesións de Traballo serán nas Facultades Univesitarias que oportunamente se indicarán ás persoas matriculadas. A Sesión de Inauguración será probablemente no Auditorio de Galicia ou, no seu defecto, no Salón de Actos do Instituto Rosalía de Castro. No Claustro deste Instituto estará tamén A FEIRA D'A PAZ, para aqueles colectivos que soliciten un "stand".

Haberá diversos actos lúdicos e musicais, xogos cooperativos, visita nouturna a Santiago e unha FESTA RACHADA o sábado día 9 á noite, animada pola popular e pacifista Orquesta Valdeorras.

NOVAS

I CONGRESO EUROPEO DE EDUCACION PARA A PAZ

Santiago de Compostela, 7 a 10 de Xullo-94

Completamos a información aparecida no núm. 12 de NOVAPAZ.

1. Mesas Redondas e de Debate.

Podemos ofrecer xa os nomes das máis coñecidas persoas expertas que participarán nestas Mesas Redondas e de Debate. Amais da presenza de representantes do estranxeiro, intervirán persoas de recoñecido prestixio dentro de Galicia e do Estado Español, como Alberto Piris, Mariano Aguirre, Viçent Fisas, Xesús R. Jares, Rafael Grasa, Andrés Mellado, Javier de Lucas, Xosé Fortes Bouzán, Carlos Taibo, Pedro Sáez...

A participación en Seminarios e Obradoiros, cando xa está pechado o prazo de presentación de ponencias e experiencias, é tamén importante en cantidade e calidade.



INSCRIPCION/MATRICULA: A cuota de inscrición é de 5.000 pesetas (1.500 para estudantes e persoas no paro).

A forma de pagamento:

CAIXA GALICIA: 2091-0300-41-304.0125594.

Santiago.

Pregamos que enviesdes o comprobante bancario a **Rúa Pérez Costantí, 18-baixo. 15702 Santiago.** Ou a **Rúa Santiago de Chile, 28 baixo. Santiago.**

Nestes enderezos e nos teléfonos (981) 599450 ou 575843 recibiredes todo tipo de información suplementaria.

Aloxamento no Monte do Gozo (persoa-noite):

Individual	4.000 ptas.
Doble	2.500 ptas.
Cuádruple	1.800 ptas.

Xantar no Monte da Condosa: O custo de cada comida será de 1.000 ptas.

Certificado de asistencia e docencia: A organización expedirá certificados de asistencia e/ou docencia.

OBXECCION FISCAL


"Cando estouran as guerras ninguén sabe como paralas, pero é fácil coñecer como xurdiron: o poderoso mundo industrial militar preparounas dende antes"

Un ano máis temos que facer contas con Facenda e un ano máis as contas non cadran, xa que mentres o orzamento do Estado contempla un gasto en cooperación para o desenvolvemento de 14.111 millóns de pesetas, o orzamento total do Ministerio de Defensa é de 1.400.000 millóns de pesetas, deixando clara a actitude militarista do Estado en cuestións de Defensa.

Creemos que a mellor forma de resolver os conflitos entre os pobos é mediante a cooperación e a solidariedade e é por esa razón que propoñemos a desobediencia activa ós gastos militares desviando os cartos a proxectos que traballan na defensa dun progreso social solidario; é por eso que propoñemos obxección fiscal ós gastos militares.

Asemblea de Obxectores e Obxectoras fiscais.

(Consultade a Guía para Obxección Fiscal 1.994 que inclúe este Novapaz).



CAMPAÑA: "UNHA LUZ PARA BOSNIA"

Dende o pasado mes de xaneiro e coincidindo co Día Escolar pola Paz, o Seminario Permanente de Educación pola Paz do SGEI organiza a campaña "Unha luz para Bosnia" entre tódolos centros escolares de Galicia, co fin de recolle-lo máximo número posible de velas, moi necesarias neste momento nese lugar ante a escasez de fluído eléctrico, e coa idea de fomentar a solidariedade para coas vítimas da guerra. Esta campaña foi acompañada por suxerencias para outras propostas didácticas a desenvolver nas escolas e institutos polas mesmas datas.



É de destacar o favorable acollemento que tivo entre os máis de 140 centros escolares, xa que nas centrais de CÁRITAS (entidade colaboradora que levará a cabo os envíos) lévanse recollidas máis de tres toneladas das citadas velas, tal e como se anunciou nunha roda de prensa celebrada en Santiago a finais do pasado mes de abril.

S.P.E.P.

Santiago de Compostela

Teléfono (981) 56 43 00

V TROBADA

Os días, 9, 10, 11 de Xuño terá lugar en Barcelona a V TROBADA, organizada conxuntamente pola "Fundació per la Pau" e "Justicia i Pau".

O tema deste ano é "ELS NACIONALISMOS ¿Factor de violencia? "; desenrolándose baixo o seguinte programa:

V Trobada de Barcelona

Organitzat per:


Fundació per la Pau
c/ Casp, 30, pral. 1.ª - 08010 Barcelona
Tel. (93) 302 51 29 - Fax (93) 317 04 26


JUSTÍCIA I PAU
c/ Rivadeneira, 6, 10e. - 08002 Barcelona
Tel. (93) 317 61 77 - Fax (93) 412 53 84

*ELS NACIONALISMES,
FACTOR DE VIOLENCIA?*

*NATIONALISMS, A
FACTOR OF VIOLENCE?*



Barcelona, 9-11, Juny / June 1994

PROGRAMA

Els nacionalismes, ¿factor de violencia?

Dijous 9 de juny de 1994

19 h. Conferència inaugural: "El paper de les nacions en la construcció d'Europa"

Divendres 10 de juny de 1994

09,30 h. Ponència: "El futur de l'Estat".

12 h. Taula rodona (Perspectives a diverses nacions dins la UE): "Galícia, Escòcia, Còrsega".

16 h. Ponència: "Nacionalismes i conflictes armats".

18,30 h. Taula rodona (Perspectives a diverses nacions de l'Europa del Centre i de l'Est). "Eslovènia, Eslovàquia, Armènia".

Dissabte 11 de juny de 1994

09,30 h. Ponència: "Nacionalisme i solidaritat".

12 h. Conclusions i cloenda.

A la Trobada hi haurà traducció simultània al català, castellà i anglès. Idiomes de treball: català, castellà, francès i anglès. Entrada lliure.

VIII ENCONTRO GALEGO DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ I ENCONTRO DE EDUCACION PARA A PAZ GALEGO PORTUGUES

Valoración e conclusións dos Encontros

Sintetizamos a continuación as aportacións das persoas asistentes ós Encontros, e as nosas propias, sobre a valoración da experiencia deste ano.

Como aspectos positivos:

✓ Batimos o noso propio record de asistencia, destacando especialmente o esforzo das persoas asistentes de Galicia debido á lonxanía do destino ("militancia pacifista"), así como a elevada asistencia de compañeiros/as de Portugal, tendo en conta que para estes/as era a primeira vez que se realizaba no seu país.

✓ O feito de ter levado a cabo esa vella idea de irmanamento galego-portugués xa constitúe un éxito en si mesmo.

✓ O elevado número de experiencias presentadas, así como a calidade da maioría e o feito de utilizar soportes técnicos que as enriqueceron na presentación de moitas delas. Isto nos confirma que, aínda que lentamente, camiñamos na boa dirección.

✓ O coñecemento e relación alcanzada entre moitas das persoas asistentes, a pesares do elevado número, e a consolidación de amizades iniciadas en anteriores Encontros.

✓ Achegamento directo á historia recente de Portugal a traveso de documentos gráficos e de persoas que participaron directamente nos feitos (Revolución do 25 de Abril).

Como aspectos menos positivos:

✓ Programa moi axustado, ás veces esgotador, que provocou a necesidade de reaxustar tempos e actividades, resultando negativo para algunhas delas, especialmente:


- Xogos Cooperativos escasos e reducidos na súa función de creación e cohesión de grupos.

- Debate/Reflexión falta de tempo e dun fío condutor entre os distintos grupos participantes.

- Dinámicas de grupos con pouco tempo de traballo e avaliación, mesmo suprimidas nalgúns casos (o domingo)

✓ Relativamente pequena a representación de organizacións portuguesas, en comparanza coas galegas.

✓ Fallos organizativos varios. Se ben os recoñecemos e asumimos e, polo tanto, facemos propósito de enmendarlos, hai que suñar que nesta edición a organización foi máis complexa, debido a varios factores:



- A organización levábase conxunta e simultaneamente dende Galicia a Portugal, coas dificultades que isto entraña.

- Os autobuses resultaron un problema engadido (reserva de prazas, cambios de última hora, atrasos,...).

- O feito de terse realizado nunha grande cidade e que había que se desprazar para durmir, o que rachaba a compenetración e a dinámica iniciada neses momentos.

- O propio feito de estar aloxados/as en tres sitios diferentes dificultaba a interrelación (non houbo xeito de conquistar un único sitio para todos/as, como xa explicamos alí).

- Por último, non foi doado organizar un Encontro que nos desbordou na cifra de participantes, moitos anotados a última hora (mesmo no día de comenzo), a pesares do tempo de preaviso de celebración das xornadas.

No que se refire á organización de futuros Encontros, recolleamos as seguintes ideas:

✓ Necesidade de realizar experiencias simultáneas e agrupadas por bloques temáticos, así como dotalas de tempo suficiente para permiti-lo debate, debido ó grande nº das presentadas.

✓ Retoma-lo espazo e tempo de adicación ós Xogos Cooperativos.



3 Acondiciona-las actividades de xeito que non haxa necesidade de reducilas ou eliminalas por falta de tempo.

✓ Fomenta-la comunicación e conexión de persoas de distintos grupos e organizacións como medio de facilitar o intercambio de experiencias e ideas.

✓ Replantexa-lo aspecto "¿cantidade ou calidade?", referido fundamentalmente ó número de persoas participantes. ¿Será preciso poñer un límite de asistentes?.

✓ Aportar documentación previa que facilite a reflexión individual e o debate posterior en grupo. Neste senso, pénsase na posibilidade de publica-la ponencia do tema de debate previsto no boletín NOVA PAZ.

✓ Para evitar problemas de limitación de asistencia, organización e xestión económica, matricularse facendo o pago por adiantado.

✓ Ter previsto as persoas que coordinarán a discusión en grupo do tema central de debate.

DESDE LISBOA, POR E PARA A PAZ

Máis de duascenas persoas, na súa meirande parte educadoras e educadores de Galicia e Portugal, reuníronse durante os días 15, 16 e 17 de abril no Instituto Español de Lisboa, atendendo á convocatoria de "Educadoras/es pola Paz - NEG" de Galicia, e do "Movemento dos Educadores para a Paz" de Portugal. Ista é a primeira convocatoria conxunta galego-portuguesa, froito de intercambios solidarios iniciados no Ano Internacional da Paz, pero tamén a oitava cita para os educadores e educadoras de Galicia.

Dous autobuses cruzaban Galicia de norte a sul o pasado venres 15 de abril, recollendo en diferentes cidades a máis de cen persoas de distintas idades, profesións

e contextos socioculturais, máis todas elas cun interese común: o binomio paz-educación. Ensinantes de tódalas áreas e niveis educativos, animadoras/es socioculturais, estudantes, responsables de xestión dalgunhas administracións locais, membros de distintas ONGs e organizacións solidarias, persoas comprometidas na conservación e defensa da Natureza, na ecoloxía,..., subiron a bordo, en ruta cara a Lisboa ("La bella y señorial").

Os VIII/I Encontros de Educadoras/es pola Paz, para estes galegos e galegas, escomenzaron no autobús, xa que durante o traxecto poidéronse escoita-las grabacións de programas de radio sobre o tema, elaborados por nenas e nenos dun colexio de Vigo, e visionar vídeos de contido ecopacifista.

En Lisboa agardaban non só os perto de cen compañeiros/as portugueses que se fixeran eco desta convocatoria senón tamén algúns galegos/as máis que se desprazaran pola súa conta. Tra-la benvinda de rigor, a presentación do Encontro correu a cargo de M^a Virxinia Rodríguez, Pilar Castro e Xesús Jares; e, para començar, ¿que mellor que xogar?. Unha das actividades fundamentais son os Xogos Cooperativos, a traveso dos que se descobre o pracer do xogo por si mesmo, aléntase a desinhibición, a tolerancia e a colaboración, para poder alcanzar conxuntamente os fins propostos.

No exterior do recinto, todas e todos forman unha enorme espiral, coas mans entrelazadas, para rematar nunha inmensa aperta común. Logo moveranse polo espacio mirando fíxamente, tanto para coñecer-recoñecer como para ser coñecidos-recoñecidos. Agora toca presentarse e saudar cálidamente á maior cantidade de persoas posible. Siguen movéndose, agora en silencio, comunicándose mediante acenos e ademáns...

Tra-la primeira sesión de xogos están programadas as "dinámicas de grupos", outro dos eixos dos Encontros. As e os participantes distribúense polas diferentes aulas do Instituto percurando as alternativas do seu interese: xogos de simulación, educación en valores, danza, xogo de roles... Ó remate, a cea conxunta, deseñada, como o resto das comidas, como unha actividade máis do programa, para favorece-la comunicación.



Despois dunha sobremesa na que se misturan as cantigas galegas coas portuguesas, asistimos a unha representación de mimo a cargo dun grupo afeccionado lisboeta. É hora do descanso para a maioría, aínda que hai quen aproveita para contactar coa Lisboa nocturna, á procura dun bar moderno ou dun céntrico e antigo café.

O tema central seleccionado para a presente edición era "A Educación para a Paz e os Medios de Comunicación". O sábado á mañá, Helena Boasnovas e Isabel Oliveira dan pautas ó gran grupo para iniciar a reflexión crítica, que se desenvolverá durante o resto da mañá en grupos de debate máis reducidos (unhas 30 persoas). Tralo xantar, a posta en común: un grupo resalta o concepto empresarial dos programas educativos; outros cuestionan a utilidade "real" das novas tecnoloxías; alguén apunta o control dos medios e o silenciamento doutros plantexamentos e propostas alternativas por parte dos "poderes"; tamén hai quen comenta a posibilidade de atopar eco nos medios a través da insistencia, ademais da alternativa de utilización das tecnoloxías para xenerar

sas neste eido, un itinerario ecolóxico polo río Louro de Porriño-Pontevedra e o programa institucional de educación ambiental desenvolvido polo Concello de Oleiros-A Coruña).

Os pasillos do Instituto Español acollían, durante todo o Encontro, espacios de información nos que as distintas organizacións presentes mostraban as súas publicacións e materiais diversos. Por certo, acudiron a esta Encontro representantes de SOS Racismo-Galicia, do CEM (Colectivo de Educación Medioambiental) de A Coruña, do MOC (Movemento de Obxección de Conciencia) de Galicia, do Colectivo Ecoloxista do Louro (Porriño-Pontevedra), do colectivo Aperta de educación medioambiental de A Coruña, de Intermón-Galicia, do Seminario Permanente de Educación para a Paz galego e do Consello Portugués da Paz e a Cooperación (CPPC) de Lisboa, Seixal e Amadora.

Despois da esgotadora xornada e tras repoñer enerxías coa cea, e sen pocións máxicas polo medio, as/os participantes mostran renovada vitalidade e alegría para



novos canles, constituíndose en emisores; dende outro punto da sala reflexiónase sobre a pedagogía "con Media" -potenciadora de persoas receptoras- e a pedagogía "dos Media" -potenciadora de persoas emisoras-, incidindo na urxente necesidade de reciclaxe e formación do profesorado sobre estas cuestións.

Podería segui-lo debate pero xa entramos no tempo destinado á presentación de experiencias referidas á Paz. En total mostráronse doce, que abarcaban un amplo espectro: dende experiencias de Educación para a Paz (celebración de semanas pola paz nos centros, unidades didácticas sobre a problemática dos refuxiados/as bosnios, unha experiencia de educación infantil sobre a competitividade e o xogo, unha unidade didáctica multimedia itinerante, a campaña da obxección fiscal '94, as alternativas ó sistema competitivo así como á xenofobia e o racismo e a semana dos rapaces e rapazas sobre educación para o desenvolvemento); sobre coeducación na Ed. Física e un desgarrador manifesto sobre a sexualidade das mulleres diminuídas; e sobre educación ambiental e ecopacifismo ("o descenso do Teixo", experiencias de escolas portugue-

xogar, cantar e bailar na "Festa pola Paz". Durante todo o Encontro, e particularmente esta noite, houbo unha especial lembranza do "25 de Abril", a revolución pacífica dos caraveis, da que, precisamente nestes días, estase a celebra-lo seu 20 aniversario. Neste contexto foi invitada Laura López, veterana educadora e comprometida de antigo coa educación pola paz en Portugal.

Tra-la festa, Lisboa agarda. Música africana, fados, ... A oferta é variada e atraínte.

As moitas actividades acumularon un retraso que provocou a suspensión das dinámicas de grupo e a sesión de xogos cooperativos previstos para a mañá do domingo, que transcorreu coa presentación de grupos e entidades participantes, a sesión de avaliación e elaboración de conclusións e coa representación de teatro a cargo dos/das adolescentes integrantes do "Teatro da rúa", de Amadora.

Once anos xa de traxectoria ten ás súas costas o grupo de EDUCADORAS/ES POLA PAZ de NOVA ESCOLA GALEGA (Movemento de Renovación Pedagóxica), funda-

do en Vigo en 1983 por un reducidísimo grupo de mestres/as que "independentes de todo partido político, sindicato, confesión relixiosa, poder público ou privado", ten como obxectivos "sensibilizar sobre a necesidade de incorporar nos proxectos educativos de tódalas áreas e niveis, os valores da paz; impulsa-los tres niveis de achegamento á paz (investigación, acción e educación); crear e facilitar ós/ás docentes materiais didácticos relacionados coa cultura da paz; a democratización, a renovación pedagóxica e a galeguización do ensino".

Unha vez tirada a "foto da paz" e do último e emocionado xantar colectivo, varios centos de quilómetros agardaban ás/ós viaxeiros.

O camiño de volta transcurre docemente, tentando recupera-las horas de sono perdidas en Lisboa, intercambiando proxectos e enderezos, avaliando e comentando os fallos organizativos e proxectando xa o futuro Encontro a celebrar en Lugo (Galicia) na vindeira primavera.

Alá nos veremos.

Relación de experiencias presentadas

1. "Unha escola para a paz e para a vida" (Portugal)
2. "Educando para a paz" (C.P. Bergantiños - Carballo - A Coruña - Galicia) (Marga Sampaio - José Luis Glez.)
3. "Os seres vivos". Unidade Didáctica Multimedia. (Porto - Portugal) (Daniel España).
4. "As materias transversais no Ensino Medio" (I.B. Sánchez Cantón - Pontevedra - Galicia) (Adela Figueroa / M^a Teresa Núñez)
5. "Aprender a vivi-la diferenza" (Portugal)
6. "Experiencia medioambiental" (G.E. do Louro - Pontevedra - Galicia).
7. "Obxección Fiscal" (MOC - Galicia)
8. Ed. Medioambiental "Descenso do Teixo" (E.S. Corroios 2 - Seixal - Portugal) (Isabel Lima)
9. "A Coeducación na E.F. en Secundaria" (Grupo de Coeducación de E.F. de A Coruña) (Galicia)
10. "A Semana dos nenos e nenas" (Intermón - Galicia)
11. "Experiencia medioambiental" (Concello de Oleiros - Galicia)
12. "Unha experiencia de E.P. en Ed. Infantil" (Esmeralda Batalla - Mafra - Portugal)



NOVAPAZ BOLETIN DE SUSCRIPCION

(Só para as / os non asociadas / os de NEG)

NOME E APELIDOS: _____
 DOMICILIO: _____
 LOCALIDADE: _____ TFNO.: _____
 CENTRO DE TRABALLO: _____ LOCALIDADE: _____

Forma de pago 500 ptas. catro números (e algún extraordinario):

- Talón

- Transferencia á conta núm. 04-194.535 da Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Oficina Principal Vigo.

Enviar ficha máis resguardo a: **EDUCADORAS/ES POLA PAZ**
Aptdo. 577. VIGO (Pontevedra)



EDUCADORAS/ES POLA PAZ



Apartado 577 - VIGO

(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. 457-90

Imprime: FEITO, S.L. Hernán Cortés, 13-15 Int. - VIGO

Colexio P. Ramón Otero Pedrayo
 Jenís Vaquero Golpe
 15145 LARACHA (A Coruña)



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

